



**CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA, S.A.**

PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2024 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. Descrición da entidade

A Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia encoméndalle a xestión do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.U. (Corporación RTVG).

A provisión do servizo céntrase, entre outros, en cinco grandes eixes da súa misión e funcións que son: a preservación da esencia dos valores fundacionais e o seu acoplamento ás necesidades emerxentes da sociedade actual; a adaptación ás novas demandas e formas de consumo dos cidadáns; a reconversión tecnolóxica e organizativa para atender á converxencia de usos; as necesidades de financiamento e as formas máis eficientes de gobernanza en clave de sostibilidade; e a transparencia na rendición de contas para incrementar a confianza e a credibilidade social dos medios de comunicación audiovisual de Galicia.

En definitiva, trátase de prover un servizo público audiovisual competitivo e de calidade, baixo criterios de eficiencia, centrado nas áreas seguintes: regulamentación, gobernanza, transparencia, financiamento e innovación, como aspectos fundamentais que caracterizan os retos no ámbito regulamentario, no financiamento, nos modelos de gobernanza, na rendición de contas e a transparencia, na innovación ou na confianza dos cidadáns no servizo audiovisual público.

A Corporación proxecta así na actividade dos seus medios non só a faceta máis recoñecida da nosa personalidade, cultura e historia, senón que subliña a difusión das actividades con significado estratéxico no noso país en canto reflexo da vontade colectiva por concorrer no espazo global como unha sociedade avanzada.

Para conseguir os fins e ofrecer unha programación que garanta o cumprimento dos obxectivos recollidos na Lei 9/2011, a Corporación RTVG actuará conforme ás liñas estratéxicas de contidos, emisión e produción que se determinan no mandato marco.

As liñas de acción 2024 que se relacionan a continuación informan a dirección de goberno Corporativo nas áreas de contidos e innovación; emisión; produción; tecnoloxía; económica-administrativa e xurídica e de xestión das persoas. Estas elaboráronse tendo en conta as actuacións que debe desenvolver a CRTVG, en resposta de adaptación e anticipación aos retos inmediatos en clave de competitividade e provisión eficiente do servizo audiovisual público. Ao fío do exposto recóllese neste orzamento o efecto que o incremento do IPC proxecta sobre a variación dos custos vinculados á actividade de provisión do servizo audiovisual público (produción de programas, informativos e deportes), e tamén o efecto da dotación prevista para a adquisición de contidos nativos dixitais destinados a nutrir a oferta asociada ao lanzamento da nova plataforma OTT.

No seu conxunto este orzamento 2024 garante unha provisión competitiva e de calidade do servizo público media. Para atender os custos derivados da tributación indirecta do servizo de comunicación audiovisual competencia da Comunidade Autónoma, dótase á aplicación de tributos cun crédito finalista para IVE por importe de 11,4 millóns de euros. Esta dotación orzamentaria recibe o mesmo tratamento que as outras achegas excepcionais recibidas pola CRTVG (Convenio de Colaboración asinado coa Consellería de Facenda).

Na perspectiva descrita este conxunto de actuacións incorpora, en termos xerais, tres niveis como materia de impulso: o de elementos clave de soporte que deben facerse explícitos; o de elementos de consolidación ou perfeccionamento da transformación operada e o de elementos de impulso cara a contribuír ao avance de novos proxectos.

a) Liñas de acción en materia de contidos e innovación.

A Corporación RTVG mediante a súa identidade Radio Galega, Televisión de Galicia e servizos dixitais, ofertará aos cidadáns, a través dos distintos medios e soportes tecnoloxicamente adecuados, un número suficiente de canles que diferencien e identifiquen os contidos e o público obxecto ao que se dirixe, en función da dispoñibilidade orzamentaria.

O acceso a esta oferta terá carácter universal e estará presente nos medios ou soportes tecnolóxicos derivados do desenvolvemento da Sociedade da Información.

Nos ámbitos dos Contidos, da Programación, Difusión e Explotación destes e mais no de Servizo Público e Xeración de Sinexía Sectorial, estreitamente relacionados en termos de xestión, as liñas de acción establecidas na xestión están a potenciar os servizos informativos como núcleo da prestación ao tempo que se avanza, adaptándose ás tendencias da demanda, na redefinición da composición temática e de formatos da oferta e da estratexia de marcas e medios, ampliando a repercusión sectorial da actividade.

En liña co exposto, as actuacións a realizar centraranse, entre outras, nas seguintes:

- Realizar unha provisión do servizo de radiotelevisión baixo criterios de eficiencia favorecendo a visión integral da oferta de servizo público, colocándoo á audiencia no centro da estratexia Corporativa.

- No exercicio 2024 está prevista a dotación de contidos nativos dixitais de calidade na plataforma OTT que dea resposta ás necesidades da audiencia. En consecuencia, crearanse as distintas posibilidades interactivas que requiran os avances tecnolóxicos derivados de modelos nados da intelixencia artificial, completando o modelo de xestión dixital da Corporación. A CRTVG vai ser a referencia audiovisual dos contidos en lingua galega, nomeadamente dos de ficción e entretemento. Esta nova actuación leva asociada un custo adicional polo importe da compra de produtos audiovisuais específicos para nutrir a oferta de contidos da OTT.

- Avanzar no proceso operativo de dixitalización completa da radio.

- Mellorar o esquema de contidos da plataforma pública de audio/podcast en Galicia e en galego. Isto permite difundir os contidos da Radio Galega en formato baixo demanda, así como a emisión de contidos sonoros nativos dixitais.

- Plantéxase unha nova actuación focalizada na dixitalización do arquivo da CRTVG. Este recolle as imaxes dos últimos 35 anos da historia de Galicia, cun volume que supera as 150.000 horas de contidos audiovisuais. O proxecto para o ano 2024 ten como obxectivo avanzar no proceso de dixitalización dos documentos que se atopan no arquivo, incorporando modelos de catalogación elaborados con intelixencia artificial, que permitan a correcta indexación e catalogación de todos os elementos.

- Lanzamento da actuación PetisGo!, a cal forma parte do proxecto DI-CO Mindset, para a creación dunha plataforma dixital de contidos infantís e deportivos. O obxectivo desta iniciativa para o ano 2024 é a adaptación da plataforma para convertela na referencia de canle dixital de contidos infantís e xuvenís da CRTVG. A posibilidade de incorporar ferramentas de intelixencia artificial e/ou modelos de realidade virtual e inmersiva, vai permitir crear un sistema de entretemento avanzado para a infancia que pode ser usado nos con-textos de ocio e formativos.

- Renovación da imaxe da marca dos servizos informativos da CRTVG coa posta en marcha dun novo proxecto de avance dixital e multimedia, coa superación do seu actual plató de informativos e a posta en marcha dun novo estudio global, crossmedia, performativo e de configuración libre, que permite tanto a realización de programas informativos, como a de formatos de deportes, debates, entrevistas e especiais.

- Ademais, está asentando, con vocación estrutural, o Proxecto G24, sustentado nunha plataforma de xestión de contidos -CMS- capaz de satisfacer as necesidades informativas da cidadanía, ofrecendo contidos informativos multimedia en actualización continua.

- Potenciar o traballo nas redes sociais como instrumento para a provisión de contidos xerando un esquema de comunicación con un gran potencial de retroalimentación, mesmo para establecer audiencias dinámicas que faciliten a participación nos seus contidos televisivos.

- Avanzar, para completar, na integración plena de medios da Corporación de forma que incorpore ás delegacións territoriais da CRTVG.

- A CRTVG como a creadora da maior base de datos de consumo audiovisual en Galicia, a través do agregador de datos -Data Lake-, que permite a todos os actores dos sectores TIC e audiovisual entender mellor o noso público, plantéxase seguir avanzando en actuacións que contribúan a mellorar os contidos audiovisuais que se emiten en calquera das canles públicas galegas.

- Empezar os traballos para incorporar esquemas de intelixencia artificial a utilizar tanto na redacción de textos como na lectura e creación de voces sintéticas, na estrutura informativa e na xeración de imaxes. En termos de alcance se pode aplicar en documentación, edición de vídeo, postproducción e grafismo.

I.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRIPCIÓN EIXO
E4	COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRIPCIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
E4	PA.4.3	POTENCIAR A CULTURA E A LINGUA GALEGA COMO ELEMENTOS CLAVE PARA CONSTRUIR UNHA SOCIEDADE INCLUSIVA E COHESIONADA E QUE CONTRIBUÍA Á CALIDADE DE VIDA DA CIDADANÍA.

b) Liñas de acción na área de emisión.

Con soporte nas súas disponibilidades orzamentarias, manterá a emisión de radio e televisión, ademais dun servizo de información en liña, que deberá obedecer ás seguintes liñas estratéxicas:

- As emisións de radio e televisión terán o maior ámbito de cobertura posible dentro do territorio autonómico.

- A Corporación RTVG manterá unha estratexia de presenza de marca nos sistemas de transporte de sinal legalmente previstos para os dispositivos de televisión e radio en mobilidade.

c) Liñas estratéxicas e obxectivos de produción.

A Corporación RTVG fixará os seus obxectivos de produción en atención aos principios de eficiencia, calidade e rendibilidade do servizo prestado, debendo atender, sempre que a disponibilidad orzamentaria o permita, as seguintes políticas en materia de contratación de dereitos:

- A programación informativa dos diversos medios e os programas de carácter institucional será realizada e executada cumprindo as liñas estratéxicas de produción, programación e emisión.

- Manterase o nivel de colaboración en aspectos de carácter material ou técnico da cadea de produción co fin de contribuír ao desenvolvemento, dinamización e colaboración co sector audiovisual de Galicia, como establecen e aconsellan as políticas audiovisuais europeas.

A Corporación RTVG para o desenvolvemento e consecución destes obxectivos estratéxicos e da misión de servizo público que ten encomendadas actuando baixo o obxectivo de rendibilidade social e eficiencia económica, pretende desenvolver para o ano 2024 as seguintes actuacións:

- Promover os principios inspiradores da programación sinalados na Lei 9/2011, nomeadamente a promoción e difusión da cultura e lingua galega, así como a defensa da identidade de Galicia.

- Execución operativa das actuacións acollidas no Plan Xeral de Actuación da Corporación para 2024.

- Contribuír ao desenvolvemento da sociedade da información, para o cal vai traballar nos catro vectores que a Estratexia dixital de Galicia 2030 determina que debe ter unha empresa pública: igualdade dixital, foco nas persoas, impulso dun ecosistema dixital forte e liderado dixital. Nesa clave ten emprendido un programa de innovación aberta entre o seu persoal na medida que nel radica o talento que é o seu motor como empresa.

- Promover a xestión do valor público para a cidadanía e a sociedade como estratexia de lexitimación do servizo audiovisual público. Proponse a súa potenciación a través dos valores, da innovación e da implicación dos grupos de interese. O valor público céntrase en oito vectores: participación, calidade, independencia, diversidade, proximidade, innovación, valor engadido e responsabilidade.

- Xestionar a transformación dixital fortalecendo os espazos de innovación, a estratexia dixital, a programación de contidos culturais, estratexias sobre públicos infantís e xuvenís, coordinación de valores públicos e políticas de igualdade e diversidade que poñan o énfase nunha nova narrativa de xestión das corporacións audiovisuais. Preténdese así, poñer o foco no valor público porque destaca como unha narrativa de diferenciación do servizo público media fronte a un ecosistema comunicacional amplo e complexo.

- Contribuír na proxección de Galicia cara ao exterior ofrecendo programación, emisións e información de calidade que contribúan a esta proxección.

- Executar liñas de acción comprometidas cunha tracción decisiva como motor do sector audiovisual galego, na medida que está implicada de xeito activo coa elaboración da maioría dos seus contidos en Galicia.

d) Liñas de acción en materia de tecnoloxía.

- Renovación do sistema de produción dixital de televisión e implantación dun novo para a radio. Esta actuación implica adaptar, incrementando a súa eficiencia, os procedementos operacionais para a xeración, xestión e explotación de contidos de toda índole.

- Implantación dun novo sistema para o control de continuidade da tele-visión que inclúa almacenamento, mesturadores audio-video, matriz principal e sistema de xestión e xeración de grafismos.

- Modernización dos bens de equipo e renovación selectiva do parque de ordenadores.

e) Liñas de acción en materia económica e xurídica.

- No ámbito Económico-Administrativo e de Xestión preténdese o perfeccionamento da administración e a mellora da eficiencia; a mellora dos procedementos e mecanismos de seguimento en perspectiva estratéxica. En todo caso o saneamento económico financeiro é xa un dato característico consolidado.

- No ámbito Xurídico, téndose avanzado nas garantías e controis en orde á salvagarda da responsabilidade xurídica corporativa, establecendo unha unidade de supervisión do modelo de cumprimento implantado, vaise a integrar a prospectiva xurídica como un elemento máis da exercida con relación á xestión dos recursos humanos.

f) Liñas de acción en materia de xestión das persoas.

- Na área de xestión de recursos humanos séguese a traballar nun proxecto laboral centrado nas persoas e comprometido coa estabilidade no emprego que se articula de xeito prioritario sobre os vectores seguintes: estabilidade no emprego, clima laboral, coidado do entorno de traballo, estudo da implantación de instrumentos colaborativos, recoñecemento e participación dos traballadores/as, comunicación corporativa efectiva e formación continua.

- As actuacións están focalizadas en propiciar contornas que contribúan a favorecer o desenvolvemento profesional, a iniciativa e unha maior satisfacción laboral baixo criterios de manter a estabilidade da Corporación RTVG. Mesmo continuar mellorando a xestión operativa dos recursos humanos en relación coa nova organización produtiva, dotándoa dun sistema de xestión integral que impulse avances en clave de desenvolvemento profesional e rendemento operacional e estratéxico.

Estas actuacións constitúen principios que están presentes na área da xestión das persoas e na organización nun horizonte temporal con vocación estrutural.

- O esquema de xestión desenvolvido permite conformar un conxunto de medidas que, xunto coa actualización do cadro de persoal, facilite unha contribución activa cara a mellorar a xestión en clave de seguridade xurídica, proporcionar transparencia externa e interna plenamente coherente coa re-formulación da cultura corporativa, ter un decisivo valor instrumental inmediato en clave de xestión e soporte para a estabilización no empre-

go de todo o cadro de persoal, mellorar así a capacidade de gobernanza facilitándolle ao supervisor e aos órganos de goberno da Corporación RTVG a toma de decisións.

En resumo, os retos están centrados nas novas competencias que demande a actividade e tamén en xestionar o cambio de forma acompañada coas necesidades produtivas mellorando as capacidades de adaptación estratéxica.

- Elaborar e executar un plan de formación continua que atenda nos seus contidos as necesidades de formación do conxunto das persoas ao ser-vizo da Corporación.

E xa por último, no nivel das liñas de actuación en materia institucional e de responsabilidade social corporativa, no ámbito da Proxección Social, atendera-se á extensión e consolidación das políticas vixentes. Nunha consideración sistemática, estas teñen non só esa dimensión literalmente proactiva senón tamén interna, en canto alimentan a dinámica da organización. Doutro lado responden tanto a imperativos legais e normativos de orde xeral como a normas internas e compromisos de adscrición voluntaria subscritos pola CRTVG, recolléndose nos correspondentes instrumentos de planificación estratéxica.

A promoción da sostibilidade ambiental e económica, da igualdade de oportunidades e trato para mulleres e homes, e do respecto á diferenza plásmase así tanto na actividade de comunicación como na xestión interna. Engádese a isto, en clave de prestación do ser-vizo público encomendado, a promoción do uso e o impulso á vitalidade da lingua galega. Internamente, como horizonte de referencia na xestión do persoal, sitúase a consecución dun emprego de calidade. As actuacións e avances nese sentido están informadas transversalmente polos principios de igualdade de trato e respecto á diferenza, así como polos de xestión do cadro que se mencionaron, e concréntanse, alén da estabilidade contractual e un nivel retributivo axeitado, nun marco estable de diálogo social, nun medio laboral san e seguro, nunha organización e xestión do tempo de traballo humanizadora e que promove a conciliación e a co-responsabilidade no fogar entre homes e mulleres, o mesmo que nun recoñecemento e promoción do talento.

Resulta así un vector moi destacado, transversal e obxecto asemade de actuacións específicas, tanto na dinámica interna da CRTVG como na súa actividade de comunicación, o seu compromiso coa igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, e coa erradicación do maltrato. Na dimensión especificamente empresarial iso supón o desenvolvemento activo de políticas que a integren, así como o impulso e fomento de medidas para conseguir a igualdade real no seo da organización, establecendo a igualdade de trato e oportunidades como un principio estratéxico explícito da política corporativa.

Doutro lado, incardínase na proxección social, agora en sentido externo, o papel motor da CRTVG nos sectores TIC e audiovisual, o mesmo que o seu impulso ao desenvolvemento da sociedade da información.

En todas esas perspectivas o compromiso da CRTVG é de extensión e consolidación das políticas hoxe en curso desde unha traxectoria de xestión estratéxica sostida. A compoñente literalmente de extensión considerárase de xeito especial no plano institucional en canto á relación coas instancias en que se organiza a sociedade civil, nomeadamente co terceiro sector. Deste xeito atenderase a estabilizar e formalizar mediante convenios que a consoliden e doten de maior rendibilidade social a densa rede de relacións da CRTVG con diversas iniciativas nese ámbito. Tamén a incrementar o coñecemento estratéxico das necesidades sentidas e pareceres do público, fiel e potencial, dos medios e canles da Corporación mediante estudos sistemáticos.

I.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	DESCRIPCIÓN OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	2024	2025	2026
OE.4.3.01	ESTIMULAR A PRODUCCIÓN CULTURAL E A SÚA DISTRIBUCIÓN, APOIANDO A INNOVACIÓN CULTURAL E A TRANSVERSALIDADE DA CREATIVIDADE NOS SECTORES PRODUTIVOS, FACILITANDO O ACCESO Á CULTURA DA CIDADANÍA E AVANZANDO NA SÚA PROXECCIÓN EXTERIOR E INTERNACIONALIZACIÓN. APOIAR Á INDUSTRIA DE CONTIDOS CULTURALS.	131.181.961	131.181.961	131.181.961
TOTAL		131.181.961	131.181.961	131.181.961

OBX OPERATIVO	DESCRIPCIÓN OBX OPERATIVO	2024	2025	2026
0008	EMISIÓN E PRODUCCIÓN DE CONTIDOS DE CALIDADE DE RADIO E TELEVISIÓN EN GALEGO.	131.181.961	131.181.961	131.181.961
TOTAL		131.181.961	131.181.961	131.181.961

INDICADOR	DESCRIPCIÓN INDICADOR	2024	2025	2026	UNIDADES
P01006	Emisión de programas producidos en Galicia na RG	7.525	7.525	7.525	Horas
P01007	Emisión de programas producidos en Galicia na TVG	6.650	6.650	6.650	Horas
P01126	Contidos publicados nas canles dixitais da CRTVG	100.000	100.000	100.000	Número

I.2. Inversións

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2024	CONCELLO
INMOBILIZACIÓNS INTANXIBLES	2.021	2.026	39.509.674	6.690.000	1538078
INMOBILIZACIÓNS MATERIAIS	2.021	2.026	19.803.148	3.290.000	1538078
TOTAL			59.312.822	9.980.000	

Dentro dos investimentos previstos no período inclúese o proxecto de inversión da dixitalización. Dita inversión formalizouse mediante un arrendamento operativo de servi-

zos a 5 anos e financiase dende 2019 no marco orzamentario ordinario que ten asignado a Corporación RTVG.

I.3. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA	57.407.446	63.794.515	9.980.000
TOTAL	57.407.446	63.794.515	9.980.000

I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

INGRESOS

Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2024	2025	2026
Ingresos Publicitarios Netos	7.349.000	7.349.000	7.349.000
Outras Vendas	693.000	693.000	693.000
Outros Ingresos de Xestión	30.000	30.000	30.000
TOTAL	8.072.000	8.072.000	8.072.000

- O Orzamento de Explotación ascende a 131.279.961 euros. No mesmo inclúense as “Vendas e outros ingresos de explotación” (8.072.000 euros), os “Ingresos de Capital Transferidos ao Resultado do Exercicio” (348.000 euros) e as “Achegas Patrimoniais” (122.859.961 euros).

- O Orzamento Consolidado ascende a 131.181.961. No mesmo inclúense as “Vendas e outros ingresos de explotación” (8.072.000), as “Achegas Patrimoniais” (122.859.961 euros), e as “Subvencións de Capital” (250.000 euros).

GASTOS

Gastos de persoal

	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Nº Empregados	896	888	885
Custo Total	37.807.979	41.348.892	43.349.708
Custo Medio	42.196	46.564	48.983

O custo medio dos gastos de persoal calcúlase tendo en conta unicamente a masa salarial.

Servizos exteriores

DESCRICIÓN	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024	PREVISIÓN 2025	PREVISIÓN 2026
620 Gastos Investig. e Desenvolv. do Exer.	281.885	325.000	365.900	365.900	365.900
621 Alugueiros e Cánones	3.656.439	3.661.650	3.932.000	3.932.000	3.932.000
622 Reparacións e Conservación	1.394.548	1.603.700	1.649.700	1.649.700	1.649.700
623 Servizos de Profesionais Independentes	1.316.277	1.442.200	1.601.800	1.601.800	1.601.800
624 Transportes	7.455	8.200	8.800	8.800	8.800
625 Primas de Seguros	104.777	107.400	112.000	112.000	112.000
626 Servizos Bancarios e Similares	169.186	180.000	178.400	178.400	178.400
627 Publicidade, Propaganda e Relac. Publicas	50.158	51.500	60.000	60.000	60.000
628 Suministros	556.106	594.600	723.100	723.100	723.100
629 Outros Servizos	7.094.841	8.182.750	8.025.700	8.025.700	8.025.700
TOTAL	14.631.672	16.157.000	16.657.400	16.657.400	16.657.400

CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

Ó Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. correspóndenlle as competencias e funcións establecidas na Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia e componse de sete membros elixidos polo Parlamento de Galicia, un deles é o director xeral.

O traballo colexiado do Consello desenvólvese a través de reunións do pleno e das seis comisións de participación: Economía e Control, Igualdade, Responsabilidade Social Corporativa, Programación, Recursos Humanos e Regulamento e Réxime Interior. En 2024 está previsto realizar 12 plenos ordinarios e aproximadamente 100 reunións das comisións de participación.

Nos orzamentos para 2024, os gastos correspondentes os seis membros do Consello de Administración conségnanse no concepto de Servizos Exteriores (ver cadro anterior) incluídos na conta "629 - Outros Servizos" por importe de 484.000 euros, glosado en Remuneracións (410.000 €) e Seguridade Social a cargo da empresa (74.000 €).

Amortización

DESCRICIÓN	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
6802 Amortizac.Inmobilizado Intanxible	6.222.085	6.799.000	7.186.000
6812 Amortizac.Inmobilizado Material	3.037.454	3.105.000	2.892.000
TOTAL	9.259.539	9.904.000	10.078.000

I.4.2. Previsións Orzamento de capital

ORIXES

Transferencias e subvencións de capital recibidas

SUBVENCIÓN DE CAPITAL RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Presidencia da Xunta de Galicia (código 04)	250.000	250.000	250.000
TOTAL	250.000	250.000	250.000

Achegas patrimoniais

APORTACIÓN DE RECURSOS PROPIOS DA C.A.	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Presidencia da Xunta de Galicia (código 04)	114.228.478	118.763.494	122.859.961
TOTAL	114.228.478	118.763.494	122.859.961

Remanente de Tesourería

	2022	2023
1. Fondos líquidos	29.831.926	29.831.926
2. Dereitos pendentes de cobro (+)	54.599.640	54.599.640
Do orzamento corrente		
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias	49.585.592	49.585.592
De operacións comerciais	5.014.048	5.014.048
3. Obrigas pendentes de pago (-)	63.383.507	63.383.507
Do orzamento corrente		
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias	51.366.472	51.366.472
De operacións comerciais	12.017.035	12.017.035
4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)	0	0
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva		
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva		
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)	21.048.059	21.048.059
II. Exceso de financiamento afectado		
III. Saldos de dubidoso cobro		
IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)	21.048.059	21.048.059

APLICACIÓN

Adquisicións de inmovilizado non financeiro

ADQUISICIÓN INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Aplicacións Informáticas	261.225	200.000	150.000
Dereitos Prop. Coproducións e Explot. Comercial	6.025.508	6.256.000	6.535.000
Equipos Proceso Información	199.734	100.000	250.000
Instalacións Técnicas	2.016.805	1.753.862	159.500
Maquinaria e Equipos Técnicos	1.057.385	1.450.000	2.530.000
Moblaxe	5.223	18.000	20.000
Outras Instalacións	14.214	0	300.000
Outro Inmovilizado Material	11.987	14.938	30.000

ADQUISICIÓNS INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Patentes e Marcas	1.741	5.200	5.000
Utilillaxe	0	1.000	500
TOTAL	9.593.822	9.799.000	9.980.000

FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

COMPROMISOS A FUTURO GASTOS DE EXPLOTACIÓN (ANO 2025, 63.947.446 EUROS; ANO 2026, 60.832.446. EUROS; ANO 2027, 59.557.446 EUROS; ANO 2028, 58.627.446 EUROS E ANO 2029, 58.287.446 EUROS). 1) Compras, servizos TRLCSP (ano 2025, 950.000 euros; ano 2026, 350.000 euros; ano 2027, 350.000 euros; ano 2028, 250.000 euros; ano 2029, 250.000 euros). 2) Compras produtos e elementos incorp. (ano 2025, 550.000 euros; ano 2026, 125.000 euros). 3) Compras outros aprovisionamentos (ano 2025, 25.000 euros). 4) Colaboracións artísticas (ano 2025, 50.000 euros). 5) Traballos realizados por outras empresas (ano 2025, 425.000 euros; ano 2026, 120.000 euros; ano 2027, 50.000 euros). 6) Gastos investigación e desenvolvemento (ano 2025, 295.000 euros; ano 2026, 100.000 euros; ano 2027, 50.000 euros). 7) Alugueiros e Cánones (ano 2025, 390.000 euros; ano 2026, 320.000 euros; ano 2027, 100.000 euros; ano 2028, 75.000 euros; ano 2029, 25.000 euros). 8) Reparacións e Conservación (ano 2025, 820.000 euros; ano 2026, 520.000 euros; ano 2027, 250.000 euros; ano 2028, 25.000 euros; ano 2029, 20.000 euros). 9) Servizos profesionais independentes, de produción propia (ano 2025, 550.000 euros; ano 2026, 200.000 euros; ano 2027, 40.000 euros; ano 2028, 20.000 euros). 10) Transportes (ano 2025, 25.000 euros; ano 2026, 20.000 euros; ano 2027, 10.000 euros). 11) Primas de seguros (ano 2025, 145.000 euros; ano 2026, 50.000 euros). 12) Promoción e imaxe (ano 2025, 125.000 euros). 13) Suministros (ano 2025, 990.000 euros; ano 2026, 850.000 euros; ano 2027, 850.000 euros; ano 2028, 725.000 euros; ano 2029, 520.000 euros). 14) Outros servizos (ano 2025, 1.200.000 euros; ano 2026, 770.000 euros; ano 2027, 450.000 euros; ano 2028, 125.000 euros; ano 2029, 65.000 euros). 15) Gastos de persoal (ano 2025, 57.407.446 euros; ano 2026, 57.407.446 euros; ano 2027, 57.407.446 euros; ano 2028, 57.407.446 euros; ano 2029, 57.407.446 euros).

COMPROMISOS A FUTURO INVESTIMENTOS DE CAPITAL

(ANO 2025, 1.600.000 EUROS; ANO 2026, 975.000 EUROS E ANO 2027, 545.000 EUROS). 1) Aplicacións informáticas (ano 2025, 90.000 euros; ano 2026, 40.000 euros; ano 2027, 20.000 euros). 2) Construcións (ano 2025, 350.000 euros; ano 2026, 220.000 euros). 3) Instalacións técnicas (ano 2025, 750.000 euros; ano 2026, 650.000 euros; ano 2027, 500.000 euros). 4) Maquinaria e Equipos Técnicos (ano 2025, 220.000 euros; ano 2026, 45.000 euros; ano 2027, 25.000 euros). 5) Outras Instalacións (ano 2025, 70.000 euros; ano 2026, 20.000 euros). 6) Equipos procesos de información (ano 2025, 120.000 euros).

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024

CORPORACIÓN RADIO TELEVISIÓN DE GALICIA

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
A) ACTIVO NON CORRENTE		78.626	76.767	76.523
I. Inmobilizado intanxible		19.397	19.059	18.563
1. Desenvolvemento				
2. Concesións				
3. Patentes, licencias, marcas e similares				
4. Fondo de comercio				
5. Aplicacións informáticas	435	436	381	
6. Outro inmobilizado intanxible	18.962	18.624	18.183	
II. Inmobilizado material	9.551	8.030	8.282	
1. Terreos e construcións	4.941	4.562	4.173	
2. Instalacións técnicas, e outro inmobilizado material	4.610	3.468	4.109	
3. Inmobilizado en curso e anticipos				
III. Inversións inmobiliarias				
1. Terreos				
2. Construcións				
IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
V. Inversións financeiras a longo prazo	49.678	49.678	49.678	
1. Instrumentos de patrimonio	97	97	97	
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros	49.581	49.581	49.581	
VI. Activos por imposto diferido				
B) ACTIVO CORRENTE	35.151	35.151	35.151	
I. Activos non correntes mantidos para a venda				
II. Existencias	311	311	311	
1. Comerciais				
2. Materias primas e outros aprovisionamentos	311	311	311	
3. Produtos en curso				
4. Produtos terminados				
5. Subprodutos, residuos e materias recuperados				
6. Anticipos a provedores				
III. Deudores comerciais e outras contas a cobrar	4.796	4.796	4.796	
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos	2.947	2.947	2.947	
2. Clientes, empresas do grupo e asociadas	144	144	144	
3. Debedores varios	273	273	273	
4. Persoal	24	24	24	
5. Activos por imposto corrente				
6. Outros créditos coas Administracións Públicas	1.408	1.408	1.408	
7. Accionistas (socios) por desembolsos esixidos				
IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a curto prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
V. Inversións financeiras a curto prazo	5	5	5	
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros	5	5	5	
VI. Periodificacións a curto prazo	206	206	206	

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024

CORPORACIÓN RADIO TELEVISIÓN DE GALICIA

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
	VII. Efectivo e outros líquidos equivalentes	29.832	29.832	29.832
	1. Tesourería	29.832	29.832	29.832
	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	TOTAL ACTIVO (A+B)	113.776	111.918	111.673

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024

CORPORACIÓN RADIO TELEVISIÓN DE GALICIA

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. PATRIMONIO NETO E PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
A) PATRIMONIO NETO		48.493	48.388	48.290
A.1) Fondos propios		48.069	48.069	48.069
I. Capital		25.000	25.000	25.000
1. Capital escriturado		25.000	25.000	25.000
2. (Capital non esixido)				
II. Prima de emisión				
III. Reservas		21.801	23.069	23.069
1. Legal e estatutarias		2.323	2.323	2.323
2. Outras reservas		19.479	20.746	20.746
IV. (Accións e participacións no patrimonio propias)				
V. Resultados de exercicios anteriores				
1. Remanente				
2. (Resultados negativos de exercicios anteriores)				
VI. Outras aportacións de socios		103.622	118.763	122.860
VII. Resultado do exercicio		-102.354	-118.763	-122.860
VIII. (Dividendo a conta)				
IX. Outros instrumentos do patrimonio neto				
A.2) Axustes por cambios de valor				
I. Activos financeiros disponibles para a venda				
II. Operacións de cobertura				
III. Outros				
A.3) Subvencións, doacións e legados recibidos		424	319	221
B) PASIVO NON CORRENTE		51.399	51.253	51.253
I. Provisións a longo prazo		1.703	1.703	1.703
1. Obrigas por prestacións a longo prazo ó persoal		1.703	1.703	1.703
2. Actuacións medioambientais				
3. Provisións por reestructuración				
4. Outras previsións				
II. Débedas a longo prazo		146		
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acredores por arrendamento financeiro		146		
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros				
III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo		49.550	49.550	49.550
IV. Pasivos por imposto diferido				
V. Periodificacións a longo prazo				
C) PASIVO CORRENTE		13.885	12.277	12.131
I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda				
II. Provisións a curto prazo				
III. Débedas a curto prazo		6.778	5.171	5.025
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acredores por arrendamento financeiro		1.754	146	
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros		5.025	5.025	5.025
IV. Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo		665	665	665
V. Acredores comerciais e outras contas a pagar		6.441	6.441	6.441
1. Provedores		75	75	75
2. Provedores, empresas do grupo e asociadas				
3. Acredores varios		3.303	3.303	3.303
4. Persoal (remuneracións pendentes de pago)		211	211	211
5. Pasivos por imposto corrente				
6. Outras débedas coas Administracións Públicas		2.747	2.747	2.747
7. Anticipos clientes		105	105	105
VI. Periodificacións a curto prazo				
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)		113.776	111.918	111.673

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024

ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

CORPORACIÓN RADIO TELEVISIÓN DE GALICIA

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
	A) OPERACIONES CONTINUADAS			
	1. Importe neto da cifra de negocios	7.536	7.466	7.992
	a) Ventas	7.506	7.460	7.962
	b) Prestacións de servizos	30	7	30
	2. Variación de existencias de pto. terminados e en curso de fabricac.	-40		
	3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo.	3.354	3.491	3.578
	4. Aprovisionamentos	-39.106	-38.129	-39.105
	Consumo de mercaderías	-32.864	-29.430	-30.091
	Consumo de materias primas e outras materias consumibles	-999	-1.728	-1.769
	Traballos realizados por outras empresas	-3.261	-3.513	-3.700
	Deterioro de mercaderías, materias primas e outros aprovisionamentos	-1.983	-3.458	-3.545
	5. Outros ingresos de explotación	341	180	80
	Ingresos accesorios e outros de xestión corrente	341	180	80
	Subvencións de explotación incorporadas ó resultado exercicio			
	6. Gastos de persoal	-51.207	-54.960	-57.407
	Soldos, salarios e asimilados	-37.808	-41.349	-43.350
	Cargas sociais	-12.922	-13.611	-14.058
	Provisións	-478		
	7. Outros gastos de explotación	-14.822	-27.230	-28.234
	Servizos exteriores	-14.632	-16.157	-16.657
	Tributos	-139	-11.053	-11.557
	Perdas, deterioros e variacións de provisións por operacións comerciais	-36		
	Outros gastos de xestión corrente	-15	-20	-20
	8. Amortización do inmovilizado	-9.260	-9.904	-10.078
	Amortización do inmovilizado intanxible	-6.222	-6.799	-7.186
	Amortización do inmovilizado material	-3.037	-3.105	-2.892
	Amortización das inversións inmobiliarias			
	9. Imputación de subvencións do inmovilizado non financeiro e outras.	355	355	348
	10. Excesos de provisións	524		
	11. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado.			
	a) Deterioros e perdas			
	Do inmovilizado intanxible			
	Do inmovilizado material			
	Das inversións inmobiliarias			
	b) Resultado por alleamentos e outras			
	Do inmovilizado intanxible			
	Do inmovilizado material			
	Das inversións inmobiliarias			
	12. Diferencia negativa de combinacións de negocio			
	13. Outros resultados	14		
	Gastos excepcionais			
	Ingresos excepcionais	14		
	A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)	-102.311	-118.730	-122.827
	14. Ingresos financeiros	3		
	a) De participación en instrumentos do patrimonio			
	b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros	3		
	15. Gastos financeiros	-42	-25	-18
	a) Por débedas con empresas do grupo			
	b) Por débedas con terceiros.			
	c) Por actualización de provisións	-42	-25	-18
	16. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros.			
	17. Diferencias de cambio	-4	-8	-15
	18. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros			
	19. Outros ingresos e gastos de carácter financeiro			
	A.2) RESULTADO FINANCIERO (14+15+16+17+18+19)	-43	-33	-33
	A.3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	-102.354	-118.763	-122.860
	20. Imposto sobre beneficios			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
CORPORACIÓN RADIO TELEVISIÓN DE GALICIA				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
	A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓNS CONTINUADAS (A.3+20)	-102.354	-118.763	-122.860
	B) OPERACIÓNS INTERRUMPIDAS			
	21. Resultado do exercicio procedente de operacións interrompidas neto de impostos.			
	A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4+21)	-102.354	-118.763	-122.860

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024**Formulario SPA.04****CORPORACIÓN RADIO TELEVISIÓN DE GALICIA**

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN			
1. Resultado do exercicio antes de impostos.	-102.354	-118.763	-122.860
2. Axustes no resultado	8.827	9.557	9.745
a. Amortización do inmovilizado (+)	9.260	9.904	10.078
b. Correccións valorativas por deterioro (+/-)	-152		
c. Variación de provisións (+/-)	-4		
d. Imputación de subvencións (-)	-355	-355	-348
e. Resultados por baixas e alleamentos de inmob (+/-)			
f. Resultados por baixas e alleamentos de insts finacs (+/-)			
g. Ingresos financeiros (-)	-3		
h. Gastos financeiros (+)	42		
i. Diferencias de cambio (+/-)	4	8	15
j. Variación do valor razoable en insts fins(+/-)	36		
k. Outros ingresos e gastos (-/+)			
3. Trocos no capital corrente	-7.527		
a. Existencias (+/-)	-6		
b. Debedores e outras contas a cobrar (+/-)	-128		
c. Outros activos correntes (+/-)	-14		
d. Acredores e outras contas a pagar (+/-)	-161		
e. Outros pasivos correntes (+/-)			
f. Outros activos e pasivos non correntes (+/-)	-7.219		
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.	-326	-8	-15
a. Pagos de intereses (-)	-42		
b. Cobros de dividendos (+)			
c. Cobros de intereses (+)	3		
d. Cobros/pagos por imposto sobre beneficios (+/-)			
e. Outros pagos/cobros (-/+)	-286	-8	-15
5. Fluxos de efectivo en actividades de explotación (1+2+3+4)	-101.380	-109.214	-113.130
B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO			
6. Pagos por investimentos (-)	-9.594	-9.799	-9.980
a. Empresas do grupo e asociadas (concretar empresa)			
b. Inmovilizado intanxible	-6.288	-6.461	-6.690
c. Inmovilizado material	-3.305	-3.338	-3.290
d. Investimentos inmobiliarios			
e. Outros activos financeiros			
f. Activos non correntes mantidos para a venda			
g. Outros activos			
7. Cobros por desinversións (+)	28		
a. Empresas do grupo e asociadas (concretar empresa)			
b. Inmovilizado intanxible			
c. Inmovilizado material			
d. Investimentos inmobiliarios			
e. Outros activos financeiros	28		
f. Activos non correntes mantidos para a venda			
g. Outros activos			
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimentos (7-6)	-9.566	-9.799	-9.980
C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN			
9. Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio	103.872	119.013	123.110
a. Emisión de instrumentos de patrimonio (+) (desglosar suscritores)	103.622	118.763	122.860
b. Amortización de instrumentos de patrimonio (-)			
c. Adquisición de instrumentos de patrimonio propio (-)			
d. Alleamento de instrumentos de patrimonio propio (+)			
e. Subvencións, doacións e legados recibidos (desglosar concedentes) (+)	250	250	250
10. cobros y pagos por instrumentos de pasivo financeiro	10.469		
a. Emisión	12.217		
1. Obrigas e outros valores negociables (+)			
2. Débedas con entidades de crédito (+)			
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (desglosar prestamista) (+)	12.217		
4. Outras débedas (desglosar prestamista) (+)			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024

Formulario SPA.04

CORPORACIÓN RADIO TELEVISIÓN DE GALICIA

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
b. Devolución e amortización de:	-1.748		
1. Obrigas e outros valores negociables (-)			
2. Débedas con entidades de crédito (-)			
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (desglosar prestamista) (-)			
4. Outras débedas (desglosar prestamista) (-)	-1.748		
11. Pagos por dividendos e remuneracións de outros instrumentos de patrimonio			
a. Dividendos (-)			
b. Remuneracións de outros instrumentos de patrimonio (-)			
12. Fluxos de efectivo das actividades de financiación (9+10+11)	114.340	119.013	123.110
D) EFECTOS DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO	-4		
E) AUMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+12-D)	3.398		
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO	26.434	29.832	29.832
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS	29.832	29.832	29.832

